

CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

ACTA DA SESION EXTRA-ORDINARIA -URXENTE

DO PLENO DA CORPORACION

CORRESPONDENTE O DIA 22 DE MARZO DO 2016

No salón de Sesións da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás Vinte Horas do Día Vintedous de Marzo do Dous Mil Dazaseiis baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D Rafael PEREZ VAZQUEZ , coa asistencia dos Srs Concelleiros D. Antonio BLANCO MARTINEZ, D. Juan Santiago GONZALEZ RODRIGUEZ, , Dona María Teresa PEREIRA QUINTAS , D. Francisco José MONTESINOS RODRIGUEZ , , e, coa ausencia dos Srs Concelleiro D. Jesús RIO PIORNEDO, D. José Luís RODRIGUEZ ALONSO, D. Santos PIORNEDO PIORNEDO e D. José Antonio CARRACEDO RAMIREZ, actuando como Secretaria Acctal da Corporación, Dona María Angeles CRESPO GARCIA , REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebra-la Sesión Extra-Ordinaria-Urxente en primeira convocatoria

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día, e na que se adoptan os acordos que se relacionan:

1º.- MOTIVACION E RATIFICACION DA URXENCIA DA SESION.-


Tendo en conta que o MINHAP ante a petición efectuada no seu día nos incluiu no compartimento do Fondo de Impulso Económico para a refinanciación do vencimento de préstamos en termos de prudencia financeira e dado que o prazo para realizar todas as xestións remata a finais deste mes e necesario aprobar este asunto con urxencia.

Por unanimidade dos Concelleiros asistentes ratifícase a urxencia da Sesión.

2º.- SOLICITUDE CONCERTACION OPERACIONES BANCARIAS REFINANCIACION AXUDAS MINHAP COMPARTIMENTO FONDO IMPULSO ECONOMICO.

ANTECEDENTES

Polo Sr. Alcalde dase conta de que con data 29 de outubro do 2015 o Ministerio de Economía y facenda , Secretaria Xeral de Coordinación Autonómica e Local, aceptou la inclusión no Fondo de Impulso Económico da execución da sentenza firme con referencia 00386/2010 por importe de 107.500 Euros Así mesmo con data 23 de Febreiro do 2016 aceptou con cargo a dito o Fondo de Impulso Económico os vencimentos dos préstamos do ano 2016 que se produzan con



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

posterioridade a esta resolución correspondente as operacións no seu día solicitadas e que se refinancien en termos de prudencia financeira por un importe de 30.787,29 Euros, correspondentes as operacións dos préstamos “Pavimentación, Abt y Sto Sto en Vilavella 11.007,63 Euros e inversións Varias Municipais 19.779,666 Euros., cos seguintes desglose

- a) Préstamo suscrito co BBVA en data 22 de Xuño del 2010, con vencemento en data 31 de decembro do 2029,– Obxeto: Vías Públicas (Grupo programa 155) e cuio importe a satisfacer no ano 2016 e de 9.166,64 Euros de amortización e 1.840,99 Euros de Intereses.
- b) Préstamo suscribo co BBVA en data 28 de Decembro do 2011, con vencemento en data 28 de decembro do 2021, Obxeto: Programas de Inversións varias: Abastecimento, Saneamento, distribución de augas, etc (grupo programa 161) y cuio importe a satisfacer no ano 2016 e de 15.000 Euros de Capital y 4.779,66 Euros de Intereses.

VOTACION E ACORDO:

A vista do exposto tendo en conta o informe de Intervención e sometido o asunto a deliberación, o Pleno Municipal, por UNANIMIDADE, co quórum de maioría absoluta dos Concelleiros asistentes ACORDA:

PRIMEIRO:

Concertar co Banco Popular a operación de préstamo para a cobertura do vencemento dos intereses dos préstamos suscritos co BBVA que se refinancien en termos de prudencia financeira no 2016 por importe de 30.787,29 Euros .-

Ratificar o préstamo suscrito co Banco Popular en data 21 de Decembro do 2015 por importe de 107.500 Euros destinado a cobertura do importe da Sentencia firme do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia nº 386/2010 de data 8 de Abril del 2010 cuia execución foi instada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 1 de Ourense en data 28 de Setembro del 2010, autos 16/2010 ,

SEGUNDO: Caso de que o BBVA non financie dictas operacións en termos de prudencia financeira que parece ser que e o caso no suscrito por importe inicial del 150.000 Euros destinado a inversións varias municipais, solicitar a varias entidades bancarias proposta de préstamos en término de prudencia financeira para cancelar o inicial suscrito co BBVA por importe de 85.000 Euros saldo actual do préstamo o día da data .a fin de acollerse a axuda do Fondo del Impulso .

TERCEIRO: Facultar expresamente o Alcalde-presidente para que realice y firme cantos trámites e xestións sexan necesarios para levar a cabo as operacións anteriormente descritas.



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

E sen ter máis asuntos de que tratar o Sr. Presidente deu por rematada a Sesión sendo ás Vomte Horas e Dez Minutos Minutos . , da que se redacta a presente Acta, como Secretario dou fé do seu contido e incorporase ó Libro de Actas do Pleno da Corporación autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Presidente , conforme ó establecido no artigo 110-2 do R.O.F.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

A SECRETARIA ACCTAL,